

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 29.11.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas orais

- 1            55822 (10/POC-008789)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé  
Sobre a avaliación que fai a Dirección da CRTVG do informe elaborado polo persoal da Radio Galega en relación coas condicións laborais que están a padecer e as actuacións previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019*
  
- 2            56010 (10/POC-008813)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé  
Sobre a información emitida pola CRTVG o día 2 de agosto de 2019 en relación co Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019*
  
- 3            57663 (10/POC-009053)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Vázquez Vero, Paula e Villares Naveira, Luis  
Sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á morte de tres persoas en Valga vítimas da violencia machista  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*
  
- 4            58858 (10/POC-009204)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Vilar Chento, Óscar  
Sobre os criterios seguidos pola CRTVG en relación coa cobertura informativa das eleccións xerais do 10 de novembro de 2019  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*
  
- 5            58869 (10/POC-009205)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Vilar Chento, Óscar  
Sobre as razóns da baixada da audiencia da TVG nos últimos meses, a súa incidencia na recadación publicitaria e as medidas previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*

- 6            58874 (10/POC-009206)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
              Sobre o horario de emisión pola CRTVG do debate electoral das  
              eleccións xerais do 10 de novembro de 2019  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretario	
Xan Xosé Jove González	GCE

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Paula Vázquez Verao	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1        55822(10/POC-008789)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé

Sobre a avaliación que fai a Dirección da CRTVG do informe elaborado polo persoal da Radio Galega en relación coas condicións laborais que están a padecer e as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Jove González**, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

Os traballadores e traballadoras da Radio Galega veñen de presentar un informe no que volven alertar das precarias condicións nas que desempeñan as súas tarefas. Segundo os profesionais, “a dirección actual da Radio Galega está desmantelando deliberadamente a emisora pública e afundíndoa a uns niveis que non se recordan nos seus trinta e catro anos de historia”.

No informe “O desmantelamento da Radio Galega”, os traballadores e traballadoras do medio denuncian que as condicións laborais estanse deteriorando en tódalas áreas, comprometendo, desa maneira, a calidade final do servizo.

No que atinxe aos programas, os profesionais da Galega denuncian:

- Que gran parte do contido programado para o verán está “enlatado” e xa foi emitido con anterioridade, o que contribúe “a unha merma absoluta da calidade dos contidos e á perda da esencia radiofónica do directo”.
- Que os contidos carecen de pluralidade no seu enfoque, de rigor e profundidade.
- Que desapareceu a organización en equipos e foi substituída por unha organización xerárquica e individualizada.
- Que se prescinde de xente de programas de xeito sistemático,
- Que o Diario Cultural, un programa histórico cun longo percorrido de 28 anos, foi substituído por “colectores culturais” sen personalidade.





No que respecta aos informativos, advírtese:

- Que as desconexións locais desapareceron e que, consecuentemente, se deixou de cubrir a información de proximidade.
- Que se privilexia a información política que provén de fóra de Galicia.
- Que o Partido Popular de Galicia recibe un trato preferente nos informativos.
- Que a implantación de quendas trimestrais imposibilita a creación de equipos de traballo, prexudicando aos traballadores e traballadoras.
- Que a organización do traballo no departamento de informativos é caótica e aleatoria, non existindo ningunha especialización dentro do departamento.
- Que a falta de organización provoca que os redactores reciban instrucións confusas e imprecisas de orixe descoñecida que nin sequera poden ser discutidas.

No eido dos deportes, o informe lamenta:

- Que non se están a cubrir as prazas do persoal prexubilado e xubilado.
- Que se está recorrendo á figura do “colaborador” en detrimento do persoal fixo.
- Que o servizo de deportes continúa sen ter persoal propio de produción de luns a venres.
- Que non se respectan as 12 horas de descanso entre as xornadas laborais, sobre todo cando se producen desprazamentos.
- Que non se conta cun parque móbil adecuado ás necesidades dos traballadores.
- Que as dietas están conxeladas dende o ano 2003.







Sobre as delegacións, os profesionais da Radio Galega subliñan:

- Que a información local desapareceu e foi substituída por contidos carentes de interese.
- Que non hai técnicos de son asignados nas delegacións da RG.
- Que nas instalacións non se conta con medios nin tan sequera para inserir música nunha reportaxe.
- Que non se favoreceu a posibilidade de compartir audios coa TVG.

Xa por último, no escrito remitido polos traballadores e traballadoras da radio pública, condenase que as emisións:

- Contan cun software que xa está obsoleto.
- Rara vez se producen en exteriores.
- Abusan das conexións en directo sen técnico de son.
- Teñen que recorrer a Youtube e Spotify para abastecerse de audios.

Así as cousas, urxe que a dirección adopte medidas para rectificar o rumbo da Radio Galega.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a dirección da CRTVG do informe elaborado polos traballadores e traballadoras da Radio Galega? Que pensa facer para corrixir as eivas sinaladas?
- Por que gran parte do contido emitido durante o verán estaba enlatado?





- Por que se prescindiu da organización en equipos e se apostou por unha organización netamente xerárquica e individualizada?
- Que se pensa facer para recuperar a información de proximidade, que foi eliminada xunto coas desconexións locais?
- Por que se implantaron as quendas trimestrais e vez de apostar polas rotacións anuais?
- Vanse cubrir as prazas dos profesionais xubilados e prexubilados?
- Cree a dirección que o aumento dos “colaboradores” en detrimento do persoal fixo contribúe á precarización do emprego na Radio Galega?
- Por que, en moitos casos, cando se producen desprazamentos, non se respectan as 12 horas de descanso entre xornadas laborais?
- A Radio Galega conta cun parque móbil adecuado ás necesidades dos traballadores?
- Vanse desconxelar as dietas?
- Vanse asignar técnicos de son ás delegacións da RG?
- Vaise renovar o software?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/09/2019 18:05:59**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/09/2019 18:08:08**  
**Nº Rexistro: 55822**  
Data envío: 16/09/2019 18:08:08.040

**Xan Xosé Jove González na data 16/09/2019 18:06:09**

CSX, REGISTRO DE ENTRADA  
Verificación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      56010(10/POC-008813)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé

Sobre a información emitida pola CRTVG o día 2 de agosto de  
2019 en relación co Proxecto de lei de regulación do  
aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

*Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Jove González**, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

A CRTVG o día 2 de agosto de 2019 deu unha noticia propagandística e parcial con respecto ao “ Proxecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia”, de tal maneira que tan só escoitamos ao presidente Feijóo dicir que “esta norma pretende dar garantías os propietarios dos espazos termais que xa existen, promover novas pozas e asegurarlles os usuarios que se compren os requisitos sanitarios.

A lei non afectará os balnearios, que xa teñen a súa propia, senón as pozas que se usan para fins lúdicos. Galicia, destaca o presidente da Xunta, será a primeira comunidade en regular estes espazos. Feijóo resume os seus obxectivos.

O texto da lei, que agora ten que aprobar o Parlamento, marca un ano para que as pozas que xa funcionan regulen a súa situación e fixa os períodos de concesión para o aproveitamento das augas. Se están en terreo de dominio público será de 30 anos”.

Todas as augas son de dominio público. Este é un principio indiscutible. A nova Lei non reconece que todas as augas minerais e termais sexan de dominio público.

Esta é unha Regulación ideada para favorecer aos propietarios privados de balnearios e doutras augas para impedir a competencia e estender a blindaxe xurídica da que gozan actividades distintas vencelladas á saúde, prexudicando o





interese xeral.

Este Proxecto non lles outorga protagonismo nin prevalencia aos Concellos que pretendan aproveitar as augas termais dos municipios, limitando o pretendido desenvolvemento local que xustifica a nova lei, non recoñecendo o seu carácter de Vilas Termais. Este Proxecto de lei resulta privatizador e descaradamente dirixido a favorecer ás empresas privadas.

Entre outras cousas, unha moi grave: A nova lei establece entre as súas finalidades “promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais”. Como é posible que no caso de captacións artificiais de augas termais dentro dos perímetros xa existentes a norma estableza sen vergonza: “corresponde ao titular do balneario o dereito exclusivo a dito aproveitamento lúdico”. Un beneficio ilexítimo a meros titulares privados de autorización de aproveitamento. Vese nidiamente a súa prioridade política de favorecer a empresas afíns en detrimento do interese xeral.

Estamos diante dun caso máis de uso propagandístico por parte do Goberno de Feijóo.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Como é posible que un medio público de comunicación, unha vez máis, non confronte con expertos/as, concellos, asociacións e demais axentes implicados nunha Proposición de lei tan importante?

2.ª) Como é posible que non se entreviste a representantes de Concellos e outras entidades políticas, sociais e universitarias (decano do Campus da Auga de Ourense, por exemplo) e que presentaron alegacións rexeitadas arbitrariamente?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/09/2019 11:19:57**  
**Nº Rexistro: 56010**  
Data envío: 19/09/2019 11:19:57.312

3.<sup>a</sup>) Como é posible que non se lle dea voz ás outras forzas políticas que como o Grupo Común da Esquerda presentaremos emenda a totalidade?

4.<sup>a</sup>) Como é posible que a CRTVG actúe sen rubor como aparello propagandístico do PP, como se fose un medio privado, apoiando só aos monopolios e ás políticas privatizadoras?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2019 11:15:19**

**Xan Xosé Jove González na data 19/09/2019 11:15:31**

CSX: REXISTROdein150qN7  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3      57663(10/POC-009053)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a cobertura informativa dada pola CRTVG á morte de tres  
persoas en Valga vítimas da violencia machista

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*





## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da **CRTVG**.

Algunhas das pezas informativas da CRTVG sobre o triplo crime machista de Valga, perpetrado o 16 de setembro de 2019, trataron o feito como un suceso convencional, sen aplicar as recomendacións axeitadas para o tratamento informativo deste tipo de casos.

Foi preocupante constatar, como denuncia o Comité de Empresa da CRTVG, que se achegaron detalles morbosos sen interese informativo, que se tomaron declaracións de testemuñas próximas a agresor e vítimas sen criterio, que non en todas as ocasións se informou do número de teléfono de atención a vítimas de violencia machista

Foi especialmente grave o trastorno que se puido ocasionar ás persoas achegadas ao suceso ás que se chegou a acosar por parte dos medios de comunicación para obter declaracións. No caso da irmá do agresor, a CRTVG reproducíu as súas declaracións, identificándoa con nomes e apelidos.

A situación chegou a tal punto que o 17 de setembro o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia lembrou nunha nota a “responsabilidade dos medios de comunicación á hora do tratamento informativo da violencia machista”, chamando á “responsabilidade e ás boas prácticas dos medios de comunicación”, apelando a que “non se debe recoller imaxes nin declaracións que atenten contra a intimidade ou a dignidade das vítimas nin das persoas afectadas, xa que engaden dor a unha situación que xa de por si é extremadamente dolorosa”.





A *Declaración de Compostela* (2004), sobre tratamento de violencia de xénero nos medios de comunicación galegos, establece que se debe “evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo -tanto no tratamento do texto como das imaxes-, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos "reality shows", dos programas de sucesos ou das series de ficción”, así como “coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acolida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.”

As *Recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o Tratamento dos Casos de Violencia Machista nos Medios de Comunicación Públicos Galegos*, aprobadas en decembro de 2015, establecen que é preciso “vixiar o uso de testemuñas próximas ao agresor e/ou vítima” (recomendación 6).

Polo exposto, a deputada que subscribe formulan a seguinte pregunta:

- Que ordes de cobertura informativa deu a Dirección da CRTVG a respecto do asasinato de Valga?
- Que medios se despregaron para a cobertura do crime de Valga?
- Por que a CRTVG fai seguidismo dos programas máis sensacionalistas do panorama estatal na cobertura deste asasinato machista?
- Seguíronse en todo momento as indicacións proporcionadas polos servizos de emerxencias a respecto da cobertura informativa?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/10/2019 11:35:45**  
**Nº Rexistro: 57663**  
Data envío: 16/10/2019 11:35:45.502

- Considera que se cumpriu, no tratamento do crime de Valga, coas *Recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o Tratamento dos Casos de Violencia Machista nos Medios de Comunicación Públicos Galegos e coa Declaración de Compostela?*

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 16/10/2019 11:33:20**

CSX4REXISTROHAdPtyby26  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4      58858(10/POC-009204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Vilar Chento, Óscar

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG en relación coa  
cobertura informativa das eleccións xerais do 10 de novembro  
de 2019

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/11/2019 09:54:02  
Nº Rexistro: 58858  
Data envío: 14/11/2019 09:54:02.129

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa existente na CRTVG, en concreto dos telexornais. Durante a campaña electoral das eleccións xerais do 10 de novembro, mantívose a falla de obxectividade e de pluralismo político nos medios de comunicación públicos, tratábase ademais de que a CRTVG fixera seguidismo da estratexia da dereita de desmobilizar ao electorado de esquerdas. Boa mostra do cal foi que o plan de cobertura se publicara sen comentar antes cos partidos políticos, como era habitual; que a pegada de carteis se retransmitira pola TVG2, non pola canle principal; que o debate das eleccións volvera a ser, ao igual que nas do mes de abril, ás 10:00 da mañá, en horario laborable para a gran maioría das persoas que traballan, e na hora de buscar emprego para os que non o teñen; e que tampouco conectarán co debate cuxa sinal ofreceu á Academia, mentres outras canles autonómicas si o fixeron.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que non se comentou cos partidos políticos o plan de cobertura das eleccións do 10 de novembro?
2. Cales foron os motivos que levaron a retransmitir a tradicional pegada de carteis pola TVG-2?
3. Cal foi o índice de audiencia deste acto?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REVISFRONTYfigBEML2  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2019 09:54:02**  
**Nº Rexistro: 58858**  
Data envío: 14/11/2019 09:54:02.129

4. Por que decidiron non conectarse a sinal ofrecida pola “Academia de las Ciencias y las Artes de Televisión” para retransmitir o debate, que se celebrou o pasado luns 4 de novembro?
5. Por que se decidiu que o debate entre candidatos e candidatas galegas se celebrara un xoves ás 10:00 h?
6. Considera que esa hora é a máis axeitada para retransmitir un debate electoral?
7. Cal foi o índice de audiencia?
8. En próximas citas electorais, ten previsto a CRTVG manter os debates fóra do horario de máxima audiencia?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Óscar Vilar Chento

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/11/2019 09:53:13**

**Oscar Vilar Chento na data 14/11/2019 09:53:23**



CSV: REXISTRONYngEMLZ

Verificado



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5        58869(10/POC-009205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Vilar Chento, Óscar

Sobre as razóns da baixada da audiencia da TVG nos últimos  
meses, a súa incidencia na recadación publicitaria e as  
medidas previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58869  
Data envío: 14/11/2019 16:17:24.738

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A caída das audiencias da TVG é xa unha realidade que leva camiño de consolidarse se non se actúa de maneira urxente. Durante estes últimos meses marcou mínimos históricos, con datos coma o 5.8 % de cota de pantalla o domingo 27 de outubro, (6,2 en prime time). Os malos datos non podemos atribuílos unicamente á competencia e aos novos formatos e xeitos de consumir produtos audiovisuais, senón que tamén debera facerse unha autocrítica dende a propia dirección da CRTVG, que nos permita saír desta situación, e afrontar o difícil futuro coas máximas garantías posibles.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que a baixada da audiencia ten entre outras causas: a manipulación informativa, denunciada dende hai máis de ano e medio polo propio comité de empresa, polo colectivo Defende a Galega, e todos os grupos da oposición; o sensacionalismo excesivo en toda a grella da TVG, e por unha programación na que os galegos e galegas, non se ven reflexados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as razóns da caída de audiencia da Televisión de Galicia nos últimos meses?
2. A que cre que se debe?
3. Cre que ten algo que ver a programación na baixada da cota de audiencia?
4. Pensan tomar de xeito urxente algún tipo de medidas para afrontar esta crise de audiencias?
5. En caso afirmativo, en que consisten estas medidas?
6. De que xeito repercute esta baixada de audiencia na recadación publicitaria?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REVIS-TC08M04qXz31  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2019 16:30:00**  
**Nº Registro: 58869**  
Data envío: 14/11/2019 16:17:24.738

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/11/2019 16:13:29**

**Oscar Vilar Chento na data 14/11/2019 16:13:39**

CSX, REGISTRO5MdqxYz31  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 29.11.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6      58874(10/POC-009206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o horario de emisión pola CRTVG do debate electoral das  
eleccións xerais do 10 de novembro de 2019

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/11/2019 17:49:18  
**Nº Rexistro: 58874**  
Data envío: 14/11/2019 17:49:18.149

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, sobre o horario de emisión do debate electoral das eleccións xerais do 10 de novembro.

Máis unha vez a CRTVG decidiu emitir o debate electoral con motivo das eleccións ao Congreso e o Senado que tiveron lugar o 10 de novembro de 2019 en horario matinal. Desta volta, ás 10h da mañá na véspera da xornada de reflexión.

Ao contrario que as demais canles públicas (RTVE, EiTb e TV3) que optaron polo prime time, non sen críticas por se alongaren até a madrugada.

Tamén a Corporación dos medios públicos galegos foi criticada. Por parte do Bloque Nacionalista Galego mais non só, tanto o comité intercentros como o colectivo Defende a Galega denunciaron o horario escollido por non se axustar –de acordo ao disposto no Mandato Marco-- ao máis axustado á audiencia potencial.

Xa en anteriores ocasións –con motivo das Xerais do 28 de abril e as eleccións europeas-- desde o Grupo Parlamentar do BNG trouxemos á Comisión de control da CRTVG esta cuestión.

CSM-REXISTROVOTV/RQI9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2019 17:49:18**  
**Nº Registro: 58874**  
Data envío: 14/11/2019 17:49:18.149

Neste senso, e cos datos ofrecidos pola propia Corporación a respecto das audiencias, non podemos senón reafirmarnos na posición que xa temos manifestado na Cámara e fóra dela. E é que a decisión de emitir un debate electoral en horario matinal, é dicir, fóra do horario máis acaído para o achegar ao seu público potencial - supón incumprir a misión de servizo público que ten, en orixe, a CRTVG. E dicímolo porque supón furtar ao conxunto da sociedade galega do dereito a contrastar proxectos, posicións e propostas políticas.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:

- Cre a CRTVG que está a cumprir coa súa misión de servizo público nos procesos electorais?

- Cal foi a audiencia do debate ás 10h e cal a da programación do prime time correspondente con ese día?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

CSV, REGISTRO DE VERIFICACIÓN  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/11/2019 17:49:18**  
**Nº Registro: 58874**  
Data envío: 14/11/2019 17:49:18.149

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2019 17:48:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2019 17:48:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2019 17:48:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2019 17:48:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2019 17:48:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2019 17:48:58**

CSV EXISTENTE  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

